

FIADDEIRO

NADAL 2000



CEIP DE BELUSO

ÍNDICE



EDITORIAL
EDUCACIÓN INFANTIL
INFORMACIÓN DO COLEXIO
A EMIGRACIÓN
AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS: O BIDUEIRO
OS CANTEIROS
MURALLA DE LUGO: PATRIMONIO DA HUMANIDADE
ANIMAIS
ANIMAIS SALVAXES: O RAPOSO
LOS ELEFANTES AFRICANOS Y ASIÁTICOS
CONTO: "ALMA E NACHO"
VISITA CULTURAL DE 6º
PAISAXES PARA PINTAR
LA LUNA
COMENTARIOS TELEVISIVOS
A GAMELA
A FANECA
COSTUMBRES DE NAVIDAD
ROMANCE DE LA NAVIDAD
POESÍAS
NOTICIAS MUSICAIS
A LETTER TO FATHER CHRISTMAS
DEPORTES
CHISTES E ADIVIÑAS



EDITORIAL

Son o FIADEIRO. Un ano máis estou aquí, nas túas mans, para darlle a coñecer ós demais todas aquelas cousas que ti me enviaches para que eu as publique nestas páxinas.

En primeiro lugar quero saudarte e agradecerche as colaboracións que me mandaches para que eu poida saír á luz.


En cada curso saio á rúa dúas veces: polo Nadal e polo día das Letras Galegas. Esta é a primeira vez que saio neste curso.

O Nadal son unhas datas que me gustan moito e penso que a vós tamén, ¿ou non?. Doume conta de que vos gustan porque o noto nos traballos que me mandastes para que eu poida pasearme polo pobo ensinándollos á xente e descansar nas vosas casas despois de entreter un pouco ás vosas familias.

Quero que pasedes unhas BOAS FESTAS DO NADAL en compañía da xente que máis queredes: a vosa familia.

Tamén temos que lembrarnos dos que non poden pasalo tan ben coma nós e, por iso, debemos pedir que reine a paz no mundo, que cesen os atentados, que vivamos en liberdade, que non haxa xente maltratada, que se acabe a pobreza, que os nenos de todo o mundo sexan felices, que... pasemos un

¡¡FELIZ NADAL!!




SOMOS OS MÃIS CATIVOS



M A N U E L

~~~~~



A N D R E S

A N D R E S



C I N T I A

C I N T I A



A N G E L

A N G E L



E V A M A R I N O

E V A M A R I N O



A N A

A N A



S E R G I O

S E R G I O



S A R A

S A R A




A G U S T I N

A G U S T I N



C R I S T I A N

C R I S T I A N



D A V I D

D A V I D



J O S E R A M O N

J O S E R A M O N



R O S A N A

R O S A N A




Y A I Z A

Y A I Z A



I R I A

I R I A



J O R G E

J O R G E



K R I S T I A N

K R I S T I A N



A D R I A N

A D R I A N



L A U R A

L A U R A



E V A O T E R O

E V A O T E R O





A L E X I A

A L E X I A

# CLASES DE UVAS

## TINTAS

ALICANTE  
 CATALAN NEGRO  
 CACHORRO  
 CAIÑO RRO  
 FOLLA REDONDA  
 JACA  
 MENCIA  
 NEGRO N  
 RIBEIRO  
 TINTA FEMIA  
 TINTILLA



## BLANCO

ALBARIÑO  
 CATALAN BLANCO  
 CACHARREIRO  
 COLLO N DE GATO  
 GODELLO  
 LOUREIRO  
 ESPADEIRO  
 RIBEIRO  
 TERRANTES  
 TREIXADURA  
 UVAS DE PARDIÑAS


## ROJO

CATALAN ROJO

MESA  
 MOSCATEL

# ¿QUE SON AS UVAS?

ME PARECE QUE E UN DULCE  
CON MONDA E VIÑO. ERABO.




## ADIVINA


SOMOS MOITAS COLGANDO  
DE UN SO FIO  
DOURADAS E CRUGIENTES  
SINOS DAN UN MORDISCO

## REFRANS

POLO SAN MIGUEL  
UVAS E MEL.



LAS UVAS CON QUESO  
SABEN A BESO.




# NOTICIEIRO

## O PRESIDENTE DE ARGENTINA VEU A BUEU


O XOVES-26-DE OUTUBRO DO ANO-2000 FERNANDO DE LA RUA PRESIDENTE DA ARGENTINA ESTUVO EN BUEU. TODO O MUNDO FOI A VELO.

OS DA TELE FORON A LINHA CASA DE BELLISSO A CASA DE ADELAIDA BARREIRO PRIMA-DEL PRESIDENTE



## O MAGOSTO DE EDUCACION INFANTIL

O VENERES DIA 17 DE NOVE MBRO, FITE MO SO MAGOSTO EN CABALO. ESTABAMOS TODO LOS MENOS E VENA DE LU PRAGE SICARLO ERON. PRIMEIRO TOGAMOS TODAS NROS CLASES. DE 2 POIZ, TOGAMOS NO PATIO COTO BOGAN E TAREA. O FINAL AS PROFESORAS ASARON AS CASTANAS; NOS MEMOS ALGUNHAS, OUTRAS LE VAMOS PARA CASA.



# MAL TEMPO

O MARTES 28 DE NOVEMBRO HABA MOITO VENTO. MARCHOU A LUZ E PUXEMOS VELAS E FOQUES. CAIRON ÁRBORES E PISARON CABLES ELÉCTRICOS, E ALGUN COCHE. ROMPERONSE TELLAS, CRISTAIS, CARTES E SINAIS



## FESTIVAL NADAL

PARA NADAL OS NENOS DE INFANTIL VAMOS FACER UN FESTIVAL NO GLE GRANDE. PODEN VIR NOSAS MAIS, NOSOS PAIS E OS AVÓS.

VAMOS A FACER:

- OS NENOS DE BOM:
- UN BAILE ROCK.
- UN DESFILE DAS OLIMPIADAS.

- OS NENOS DE CABALO:
- A CANTON: SON AS DOCE.
- RIMAS.

- OS NENOS DE CURRACES:
- UN BAILE: POLCA DO BONECO DE NEVE.

• OBRINA: A ÁRBORE DE NADAL.



# INFORMACIÓN DO COLEXIO

## A.P.A.

No presente curso 2000-2001 a **Directiva da A.P.A. do CEIP de Beluso**, elixida na última Asemblea de Socios celebrada a finais de setembro, quedou formada por:

|                        |                                        |
|------------------------|----------------------------------------|
| <u>PRESIDENTA:</u>     | PILAR OTERO GARRIDO                    |
| <u>VICEPRESIDENTA:</u> | GEMMA MARTÍNEZ SOLLA                   |
| <u>SECRETARIA :</u>    | MARTA VILLANUEVA MIRANDA               |
| <u>TESOUREIRA:</u>     | YOLANDA PIÑEIRO OTERO                  |
| <u>VOCAIS:</u>         |                                        |
|                        | TERESA ESTÉVEZ POUSADA                 |
|                        | AMPARO VIDAL OTERO                     |
|                        | M <sup>a</sup> . CARMEN CERVIÑO GARCÍA |
|                        | SILVIA RODRÍGUEZ CERVIÑO               |
|                        | M <sup>a</sup> JESÚS DARROSA ABOAL     |
|                        | FINA HERMELO RIVEIRO                   |
|                        | ANA ESTÉVEZ MARTÍNEZ                   |
|                        | ANA M <sup>a</sup> . ROMERO IGLESIAS   |
|                        | RAQUEL SANTOS BUDIÑO                   |
|                        | AMALIA MARTÍNEZ PIÑEIRO                |
|                        | LUCÍA TORRES MARTÍNEZ                  |

A Consellería de Educación, na súa Delegación Provincial de Pontevedra, fixou como **DÍAS NON LECTIVOS** para o presente curso escolar 2000-2001 os seguintes:

- San Xosé de Calasanz ..... 27 de novembro.
- Vacacións de Nadal ..... do 22 de decembro ó 7 de xaneiro (ámbolos dous incluídos).
- Entroido ..... 26 e 27 de febreiro.
- Vacacións de Semana Santa.... do 9 ó 16 de abril.
- Os dous días festivos por **tradición pedagóxica** que propuxo o Consello Escolar e foron aprobados pola Delegación de Educación para o presente curso foron:

Ponte da Constitución .....7 de decembro.

Mércores de Cinza.....28 de febreiro

## CONSELLO ESCOLAR

Constituído o día 3 de decembro de 1996, sendo renovado parcialmente o día 4 de decembro de 1998(1<sup>a</sup> renovación parcial) e o día 5 de decembro do 2000 (2<sup>a</sup> renovación parcial). Está formado por :

PRESIDENTE: Pedro Fernández González

XEFE DE ESTUDIOS: Luis Pereira Alvarado

SECRETARIO: Jesús A. Bugallo Varela

### REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

Servilio Buceta Santos  
Aurelia Romariz García  
Manuel A. Alonso López  
José Ramón Álvarez Calleja  
M<sup>a</sup>. Pilar Rodríguez Acevedo

### REPRESENTANTES DOS PAIS:

Irene Ferradás Mendiña  
Rosa M<sup>a</sup>. Monteagudo González  
M<sup>a</sup>. Carmen Rial González  
José Bernardo Mendiña de la Torre  
M<sup>a</sup>. Yolanda Piñeiro Otero.

### REPRESENTANTE DO CONCELLO:

Elena Estévez Freire

### REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE:

Non houbo candidatos.


5° A

# A EMIGRACIÓN

Contoume o meu avó que antes, cando el era xove non había traballo e a xente marchaba ó extranxeiro: Brasil, Arxentina, Alemaña e outros sitios.

Marcharon dous irmáns da miña bisavoa que se chamaban Ramón e Miguel.

Unha tía da miña nai marchou en 1945. O meu avó marchou a Francia durante dous anos. A irmá do meu avó marchou ó Brasil no ano 1950 e tamén sei doutros familiares que tiveron que emigrar.



O meu avó acórdase moi ben dos barcos nos que marchaban, o “Begoña”, o “Montserrat”, que eran españois, o “Santa María” o “Monte Ubre”, que eran portugueses, o “Córdoba”, o “Alberto Durero” que eran arxentinos.

Ían para gañar cartos e poder soste mellor á súa familia. Naqueles tempos Arxentina tiña máis traballo que aquí para gañar a vida. Os meus tíos empezaron traballando nun taller de coches. Casaron con dúas emigrantes galegas. Como lle foi ben a vida na Arxentina mandáronlle á miña bisavoa cartos para ir tirando.

En Arxentina os españois reuníanse en “Centros Galegos”. O meu avó e o meu bisavó reuníanse no “Centro de Bueu”, nel lembraban as festas do pobo. Reuníanse para xantar, cantar, bailar muiñeiras e todo con moita morriña.

Cando chegaban, empezaban a traballar moito e, co tempo, chegaron a ter os propios negocios e, despois de moitos anos, voltaron para á súa terra e outros non quixeron voltar xa que tiñan a súa familia e o seu traballo alí.

Contáronme que en Suiza levan unha vida moi distinta á nosa. Pola mañá érguense ás 5 horas. Xantan ás 12 e volven ó traballo ás 13 horas. Ás 18 horas terminan o seu traballo e non van ós bares porque non os hai.



A miña avoa aínda conserva cartas da Arxentina que teñen case cen anos e tenas gardadiñas coma o mellor tesouro.

As persoas non se van porque queren senón que teñen algún motivo como, por exemplo, a falta de diñeiro. Deixan ás súas mulleres o ós seus fillos moitos anos sen velos. Vanse con moita tristura... agora resulta que esas cidades encóntranse moi mal.

# As árbores das nosas fragas



## O BIDUEIRO (*Betula celtiberica*)

O xénero ven do nome dado polos romanos a esta árbore e ó chopo branco. É o específico, por ser endémico do Norte da Península Ibérica.

Pertence, o bidueiro, á familia das betuláceas que agrupa arredor das setenta especies de árbores e arbustos, propias case na súa totalidade do hemisferio norte e dos países fríos. Algunha especie, coma o amieiro dos Andes, pódese atopar ó longo desa cordilleira, desde México ata a Arxentina.

O bidueiro é unha árbore de folla caduca duns vinte metros da altura, cuxa copa, nun principio estreita, cónica e apuntada, adquire máis tarde un volume redondeado e curvado ou irregular.

O tronco é recto ou ben ladeado.

As ramas inferiores son relativamente curtas, penduradas. As pólas da rexión central e superior son ascendentes. Os talos son moi longos e delgados, que nos bidueiros vellos penduran das pólas a modo de “velo”.

A cortiza é lisa de cor branco prateado, con liñas horizontais illadas, brancogrisáceas e, na base do tronco, sobre todo, a cortiza está cuarteada por

fendiduras negras, con profundos regos e grosos nós. Nas pólas novas, a cortiza acostuma a ser de cor brancorrosada.

As follas do bidueiro teñen o pecíolo delgado, son de forma oval triangular, beira dentada, ápice agudo e algo curvado, por veces un algo visguntas ó gromaren.

É unha árbore monoica, con flores masculinas en amentos colgantes, anteriores ás follas, con dous estambres bífidos, protexidos por unha bractiña. As femininas en amentos ergueitos, aparecendo coas follas, con dous estilos filiformes, morados e diverxentes.

O froito ten forma de noz, con dúas ás laterais de 2 x 1 mm, con dous estigmas persistentes.

En Galicia, o bidueiro, chega ata os cumes dos Ancares e o Caurel, é raro velo nas zonas de baixa altitude e cálidas. Gusta do sol e polo mesmo atópase na beira doutros bosques.

A súa casca foi usada como pergamiño para escribir e para facer fachos e cubrir as tendas.

A súa madeira, doada de traballar, foi moi usada para facer zocas, utensilios domésticos e apeiros de labranza.

# OS CANTEIROS

Canteiriño, pica e canta  
e deixa á costureiriña;  
ela perde de casarse,  
e ti de picar na pedra.

Non te cases, miña nena,  
con pedreiro que ben canta;  
que trae o polvo de pedra  
metido na súa garganta.

O canteiro é o artesán que traballa a pedra. O desenvolvemento desta arte “autenticamente galega” localízase en áreas relativamente pequenas do que é actualmente a provincia de Pontevedra: as terras máis pobres que pertenceron antigamente á provincia de Santiago, máis ou menos unidas á “Mitra compostelana”, e, polo tanto, á escola viva que, no decorrer dos tempos, supuxo a cidade xacobeá coa obra da “Catedral”, como modelo pero, sobre todo, dun xeito especial, as igrexas conventuais, priorados e


freguesías que dela dependían, podían ser imitadas en tódolos detalles e proporcións. Son os anterigos cotos xurisdicionais de: Terra de Montes, Cotobade, Moraña, Coto de Amil, Cuntis, Tabeirós, Xeve, A Lama e Pontevedra onde os homes tiveron a arte e oficio de “canteiría” como única profesión; terras, a maioría altas e ásperas, que gardan as Serras de Candán, Seixo, Suído, Montes de Testeiro, As Baiucas, Malpelo, Montouto, Acibal, Castrove...

A expresión artística de Galicia, a través do tempo, atópase na pedra.

Con toda a seguridade, desde hai 6.000 ou 5.000 anos ata hoxe, esta arte segue pervivindo. Remontándonos ós “petroglifos” (Terra de Montes, Cotobade, Campo Lameiro, Xeve, Mourente, Poio, Marín-Mogor) pasando polas pontes romanas (sobre o Lérez, Umia, Deza, Trasdeza, Ulla, Verdugo, Oitabén ...) ata o “cristianismo” que é cando esta arte chega á súa plena realización co romano, barroco e os cruceiros.

Nos séculos XI, XII e XIII desenvólvese o románico compostelán tendo como modelo a





Herramientas de canteiro: 1, pistolete, 2, martillón, 3, palanqueta, 4 y 5, macetas, 6, escuadro, 7, ferro, 8, picomo, 9, encoda, 10, fixadeira, 11, buxarda, 12, falsa, 13, pico, 14, guillo, 15, punteiro, 16, acodalera, 17, cisel, 18, lima. (Dibujo tomado de *Etnografía: Cultura material de Xaquín Lorenzo* de «Historia de Galicia», t. II, Buenos Aires, 1962.)

Catedral, creándose a “escola de cantería”, con carácter permanente, disfrutando de grandes privilexios. Aquí estaban os mellores maestros de Galicia, España, Portugal o outros países (Bernardo, Maestro Mateo ...).

O gótico non calou nos nosos canteiros, sendo o Barroco a arte no que puxeron a súa inspiración con tódalas súas intimidades. Esta arte chega ó seu cénit na Fachada do Obradoiro (Santiago) con Fernando de Casas e Domingo de Andrade, e en obras como: Monfero, Sobrado, Oseira, Santa Clara-Santiago, Poio...etc, nos séculos do XIV ó XVII.

Do Renacemento temos obras importantes (Armenteira, Oia, Samos, Acibeiro ...) a máis das igrexas rurais que se fixeron a partires do século XVI.

Os adros, rueiros, corredoiras e encrucilladas de Galicia, aparecen cheas de cruceiros pregoándonos o sentir, a espiritualidade e o equilibrio; como mostra están os de Mourente, Nosa

Sinora de Pego, Cerdedo, A Xirasga, Quireza, Hio ..., nos que Pedro de Bouzas, Xosé Ferreiro, Pedro Meilán, Ignacio Cerviño e tantos outros deixaron o seu espírito, a súa arte, o seu amor e a súa vida.

A pedra e o traballo dela forman parte da alma de Galicia. Asorey, Daniel de Tomeza, Monteagudo de Xeve, Piñeiro de Cangas ..., tiveron e teñen a pedra como elemento de expresión das súas vidas e da súa arte.

O léxico gremial dos antergos canteiros pontevedreses, chamado Latín dos canteiros, verbo dos arxiñas, xerga, xabrar ou xerdir en verbo, a verba dos buxas... etc, coñécese non só porque se fixeron estudos del, senón porque aínda o usan os actuais “pedreiros” que non permiten ensinarlo a persoas axenas á súa profesión baixo penas de severos correctivos. Tanto aqueles que o utilizan como os varios estudiosos que desta linguaxe se ocuparon, coinciden en que é un modo de expresión moi antergo.

De tódolos traballos feitos, dedúcese que se acercan a 5.000 voces recollidas deste Latín gremial.

Estas son dúas mostras:

Esta racha no iscanio  
a de haber o verbo gido  
que me jalroon unha llega,  
que hei rusmar un jichiño.

Verbo xido, miña júrria,  
queitervas por areona;  
que che hei de aldrabar os zurros  
e máis mornarce a morrona.

# MURALLA DE LUGO: "PATRIMONIO DA HUMANIDADE"

O pasado 29 de novembro, na cidade de Cairns (Australia), o Comité de Patrimonio da UNESCO concedeulle á **muralla romana de Lugo** o título de "**Patrimonio da Humanidade**".

Isto significa un magnífico empuxe para a cidade e un mayor compromiso para a súa conservación e a rehabilitación do casco histórico de Lugo.

Xunto coa muralla de Lugo tamén obtiveron este título de "Patrimonio da Humanidade":

- **Xacemento arqueolóxico de Atapuerca (Burgos)**, por ser a evidencia máis antiga de vida humana en Europa.

- **Palmeiral de Elche.** É o único conxunto artificial de palmeiras en Europa e débelle a súa orixe ós complexos sistemas de regadío dos árabes.



- **As igrexas románicas do val de Boí.** Nas nove igrexas deste val pirenaico é onde se atopa a maior concentración do románico en Europa.

- **Os restos romanos de Tarragona.** Conserva murallas, dous foros, un teatro e un circo.

Con estes cinco nomeamentos de "Patrimonio da Humanidade" deste ano, xa son **36 os que lle concederon a España**, situándose en cabeza dos países con máis distincións por parte da UNESCO.

O resto dos **monumentos españois considerados como "Patrimonio da Humanidade"** son:

1. Casco antigo e mesquita de Córdoba
2. Alhambra, Xeneralife e Albaicín (Granada)
3. Catedral de Burgos
4. Mosteiro e Sitio de O Escorial
5. Parque Güel, Pazo Güel e Casa Milá (Barcelona)
6. Cova de Altamira
7. Casco antigo e acueducto de Segovia
8. Igrexas do reino de Asturias
9. Santiago de Compostela
10. Casco antigo de Ávila e igrexas de extramuros
11. A arquitectura mudéjar en Teruel
12. Cidade histórica de Toledo
13. Parque Nacional de Garajonay
14. Casco antigo de Cáceres

15. Catedral, Arquivo de Indias e Alcázar de Sevilla

16. Casco antigo de Salamanca

17. Mosteiro de Poblet

18. Conxunto arqueolóxico de Mérida

19. Real

- mosteiro de Santa María de Guadalupe

20. Camiño de Santiago

21. Parque Nacional de Doñana

22. Cuenca

23. A Lonxa da Seda de Valencia

24. As Médulas

25. Palau da Música e Hospital de Sant Pau (Barcelona)

26. Mosteiros de San Millán Iuso e Suso

27. Parque Nacional dos Pirineos, Ordesa e Monte Perdido

28. Universidade e recinto histórico de Alcalá de Henares

29. Arte rupestre mediterráneo de Basín

30. Ibiza, Biodiversidade e Cultura


31. San Cristóbal de A Laguna.

**Yanira, Alberto, Aida, Fátima,  
Analy, Nerea G<sup>a</sup>., J. Manuel.  
5<sup>o</sup>A**

# ANIMAIS

## A CABALA

Inverna en augas dunha certa profundidade (uns 150 m.) e ó chegar a primavera comeza a súa migración, dirixíndose á costa para reproducirse, ó mesmo tempo que ascende a capas superficiais para alimentarse.



A posta ten lugar unha vez acadadas as augas costeiras de 14° a 20°C de temperatura (250-300 ovos/ gr. de peixe).


O crecemento é rápido. As cabalas dunha mesma idade varían considerablemente.

Ó ano de idade poden medir de 20 a 26 cm. de lonxitude. Ós dous anos poden chegar a 30 cm. Algunhas poden chegar ata 50 cm.

Alberto 5ºA

## A TARTARUGA

¿De verdade é necesario descubrir a unha tartaruga?. Seguro que todo o mundo coñece a este curioso animal, coa súa cuncha sobre as costas, o seu "pico" córneo e sen dentes, as súas patas curtas e grosas e os seus movementos lentos e repousados, polo menos na terra, xa que as tartarugas mariñas teñen as patas transformadas en aletas e conseguen desplazarse moi rapidamente dentro da auga.




As tartarugas terrestres son vexetarianas, as de auga doce son carnívoras e as demais son omnívoras. Todas elas comparten a capacidade de poder xaxuar perante longos períodos de tempo, ás veces varios meses.

As tartarugas poden vivir moito tempo; en realidade atópanse entre os animais de vida máis longa. Pode chegar a vivir 250 anos. Tamén son uns dos animais que menos evolucionaron ó longo do tempo, como pode verse en fósiles cunha antigüidade de 200 millóns de anos.

Ansly 5ºA

## OS VERMES DE SEDA



Os vermes de seda son de cor branca. Distínguense os machos das femias porque os machos teñen uns puntiños negros.

Estes vermes aliméntanse de follas de moreira, e tamén viven nestas árbores.

Os vermes cóllense na primavera e para telos na casa pódense meter nunha caixa. Agárranse coas patas na caixa e forman unha crisálida. Aí dentro pasan uns meses. Despois sae unha bolboreta de cor branca. Esa bolboreta pon ovos por toda a caixa. Cando acaba de poñer os ovos, morre. Eses ovos hai que velos cunha lupa porque son moi pequenos.

Os ovos pasan todo o inverno ata a primavera que é cando nacen estes vermes.

E así tódolos anos.

Nerea G.P. 5ºA

## ANIMAIS SALVAXES



### O RAPOSO (*Vulpes vulpes*)

O raposo pertence á familia dos cánidos. A súa singular figura faino inconfundible con calquera outra especie europea. Caracterízase pola súa longa e poboada cola, por certas particularidades do seu cranio e polas meniñas dos seus ollos, que á luz contráense nunha elipse vertical. É aquí o único representante do seu grupo, que comprende nove especies estreitamente emparentadas en África e Asia.

O raposo en España ofrece unha pelaxe con matices grises e amarelos e varía a súa coloración segundo os países de procedencia. Os pés e as orellas, por fóra, son sempre dunha cor negra intensa e a cola ten a punta branca ou moura.

Ten a cabeza ancha, o fociño aguzado e as orellas triangulares.

Na súa vasta distribución xeográfica, o raposo común ocupa tódolos hábitats. Pode vivir en bosques espesos, en parques e invernadoiros ou en acantilados e dunas na costa. Tal vez sexa o máis adaptable dos cánidos salvaxes xa que, a pesar de que sempre foi combatido intensamente polo home, non parece ameazada a súa existencia en ningunha parte.

O raposo vive en galerías, moitas veces feitas polos teixugos,

incluso poden vivir con eles durante certo tempo se as cámaras son o bastante grandes. Tamén pode facer o seu propio cubil. Ademais da entrada principal, o cubil do raposo, dispón de galerías que utiliza como entradas ou saídas de emerxencia. O lugar onde constrúe o cubil é preferentemente soleado e ocupa o centro de acción do territorio de caza.

O raposo común, que é predominantemente crepuscular e nocturno, leva unha vida solitaria coa excepción da época de celo. Caza en solitario e abastécese dos alimentos máis variados; ademais dos ratos e das toupeiras, caza tódolos animais dun tamaño accesible: coellos, lebres, galináceas, entre elas tamén as galiñas de curral, o que lle valeu en moitos lugares a mala sona de *ladrón de galiñas*. O raposo ten tamén na súa dieta, vermes, abellóns, ras, pequenos réptiles, mel e froitas.

Reprodúcese no inverno.

A pesar da súa axilidade, o raposo non pode escapar de tódolos seus depredadores (lobos, lince, aguías), sendo o home o seu principal perseguidor.

## LOS ELEFANTES ASIÁTICOS Y AFRICANOS

### La sociedad matriarcal de los elefantes.

Entre los animales, generalmente, el que manda es un macho. Pero hay algunas excepciones ... de bulto, como el caso de los elefantes. Los elefantes se reúnen en grupos, sobre todo para proporcionar una defensa eficaz a sus crías. Estos grupos siempre son conducidos por una hembra adulta.

Cuando los machos luchan entre ellos no es para convertirse en jefes de grupo, sino solamente para asegurar la reproducción. Cuando la jefatura del grupo es asumida por una hembra, se trata de una **jerarquía matriarcal**, expresión que utilizan los etnólogos en el estudio del comportamiento de los grupos humanos, especialmente cuando se trata de las poblaciones llamadas primitivas.



### El comportamiento sexual del elefante

**Las luchas:** las luchas o los combates que libran los animales en la época de la reproducción son violentos, pero casi siempre obedecen a un ritual. Estas luchas son inofensivas, nunca llega a correr sangre. Simplemente el animal más fuerte, más agresivo, se proclama vencedor. Sin embargo, el más débil no corre peligro de morir. En general, las especies que luchan son aquellas cuyos machos se aparean con varias hembras a la vez, como el ciervo, el elefante ... Estos combates favorecen la selección, ya que solo los más fuertes pueden reproducirse.

**El territorio:** este animal antes de buscar compañera, elige un territorio cuyos límites marcan frotándose contra troncos y ramas para impregnarlas de su olor. De este modo, cuando otro macho de su especie percibe la marca olorosa, sabe que la zona ya está "ocupada".

### ¡Un bebé de 100 kg.!

En el momento de nacer, el pequeño elefante pesa de 90 a 100 kg. y es el resultado de una gestación que dura aproximadamente 21 meses. A veces, está recubierto de un pelaje bastante largo pero escaso, poco denso, que desaparece muy pronto. Muy a menudo, las hembras de la manada amamantan a todas las crías, lo cual asegura que todas ellas reciban una alimentación adecuada. La madre se

ocupa de atender y educar a su cría con mucha atención durante los seis primeros meses de vida aproximadamente, aunque esta vigilancia puede extenderse a un período algo más largo. Más adelante, por medio de la imitación, y puesto que los elefantes tienen una gran capacidad de aprendizaje, las crías aprenden gradualmente a alimentarse y a bastarse por sí mismas. Sin embargo, pueden continuar mamando hasta la edad de dos años.

Los elefantes son animales muy poco prolíferos, de manera que, por lo menos, pasan cuatro años entre dos nacimientos sucesivos. Viven de 50 a 70 años. Viven en manadas de 15 a 30

individuos, formadas por hembras adultas acompañadas de sus crías.

Por lo general hay un único macho que acompaña al grupo. Los otros machos viven en solitario o bien en pequeños grupos. Solamente se reúnen con la manada principal durante la época de reproducción. Dependiendo de las estaciones, los elefantes emprenden ciertas migraciones y se desplazan, en fila india, a la búsqueda de nuevos pastos. Son animales de carácter pacífico, pero en ocasiones los machos viejos pueden llegar a resultar peligrosos. Ésta es la razón por la cual en cautividad solamente se crían hembras.

### DE ÁFRICA A ASIA

En la actualidad hay dos especies de elefantes, que se distinguen muy bien entre sí: el elefante africano y el elefante asiático.

**El elefante africano** es el de mayor tamaño. Puede llegar a alcanzar los cuatro metros de altura y pesar más



*El elefante africano presenta una frente abombada y unas enormes orejas; tiene 21 pares de costillas y 26 vértebras caudales.*

de siete toneladas. Sus orejas tienen forma redonda y están muy desarrolladas.

Su trompa está provista de un par de

apéndices

digitiformes (en forma de dedo). En el elefante africano el macho y la hembra tienen colmillos.

**El elefante asiático** no suele medir más de tres metros de altura ni pesar más de cinco toneladas. Las orejas son pequeñas y de forma triangular. En la trompa se encuentra solamente un apéndice digitiforme. La hembra suele

carecer de colmillos. Se encuentra en la India, en Sri Lanka y en Indonesia.

### DOS ARMAS BLANCAS

El elefante es famoso por sus defensas de marfil que, a menudo, reciben el nombre de colmillos. Este nombre es erróneo, porque en realidad se trata de los incisivos superiores que, a cada lado de la boca, se alargan y pueden llegar a medir hasta 3,5 m. y pesar 150 kg.

Estas defensas constituyen las armas para los combates entre los machos. También sirven para desenterrar



*El elefante asiático tiene la frente cóncava y unas orejas más pequeñas; presenta 19 pares de costillas y 13 vértebras caudales.*

las raíces y para excavar el suelo durante los períodos de sequía en busca de agua.

Las defensas del elefante son muy apreciadas por el marfil y representan una de las causas principales de la despiadada caza a la cual el hombre ha sometido a estos colosos durante siglos.

Para masticar dispone de cuatro enormes molares, uno en cada hemimandíbula. Estos molares presentan grandes superficies trituradoras por medio de las cuales el animal mastica las materias fibrosas. Estos dientes llegan a renovarse hasta seis veces durante la vida de un elefante. En un principio, hay una única serie de cuatro dientes en funcionamiento; cuando ésta ya está gastada, la siguiente toma el relevo.

Andrea, Ángela e Antía 6º B

## CONTOS

## ALMA E NACHO

Hai moitos anos, segundo conta a lenda, nun lonxano país, unha nena chamada Alma e máis a súa familia foron pasar uns días a un pobo chamado “A Rúa das Fadas”.

Estiveron vivindo nunha casa na que tódolos que viviran alí dicían que había trasnos, fadas, bruxas...

Un día, Alma subiu ó faiado e viu un espello. Sen ningún medo tocouno e ... ¡chegou ó país das fadas!

Ó principio tiña medo de falar cos dalí, pero despois non se cortou un pelo e foi falar cun dos trasnos, porque lle parecía o de máis confianza.

- ¡Ola!. Chámome Alma, ¿e ti?.

O trasno non paraba de dar saltos enriba da súa casa, ou mellor dito, do seu cogomelo.

Entón Alma foi falar cunha fada que ía cun cesto cheo de flores.


- ¡Ola!. Chámome Alma, ¿e ti?.
- Eu Lucilda - contestou a fada.
- ¿Por que cando falei con aquel trasno tan groseiro dalí non me falou?
- Sinxelamente porque só fala cos da súa confianza.
- ¡Ah!, xa entendo. ¿Cómo me podería gañar a súa confianza?.
- Se cumples estas catro cousas gañaraste a súa confianza:
  1. Cruzar o río cheo de crocodilos.
  2. Ir á cova xunto ó bruxo e collerlle a chave que abre esa especie de cárcere chea de pedras.
  3. Volver
  4. Ir ó cárcere onde está a irmá do trasno Nacho, chamada Matilda.

Sen máis tempo que perder, cruzou o río dos crocodilos cunha especie de canoa feita con troncos atados e chegou ata a cova.

¡Que sorte!, o bruxo estaba durmindo. Colleu a chave e un pouco de diñeiro e volveu.

Lucilda estaba esperando a Alma para indicarlle o sitio onde estaba Matilda, que só tiña 3 anos.

Así foi como Alma se gañou a confianza de Nacho, de Matilda, de Lucilda e de tódolos habitantes daquel máximo país.



Jésica 5ºA

## VISITA CULTURAL DE 6º

O venres, día 20 de outubro, parecía un día normal. Levantámonos, vestímonos e almorzamos coma sempre, pero para os de 6º non o era. Iamos de visita cultural. Fomos ó colexio e atopámonos cos amigos de sempre. Tocou o timbre, entramos na clase e falamos un pouco ata que nos avisaron de que podíamos ir ó autobús.

Ás 10:00h. da mañá o autobús deixounos nunha rúa de Pontevedra e tivemos que ir andando ata o museo. ¡Chovía de raios!. Alí a guía explicounos e ensinounos xoias e ferramentas dos antepasados...

Despois subimos ó segundo andar e alí vimos habitacións que parecían reais con retratos de Isabel II e outros personases, moitos debuxos de Castelao e a carabela Santa María de Colón.

Ó saír do museo fomos á exposición de Carlos V. Alí uns gardas dixéronnos que deixáramos as carteiras nos estantes. Entramos na primeira parte da exposición. Os profes fóronnos explicando o que había alí: libros antergos, cartas xeográficas, ... Despois de ver todo iso, fomos ó segundo andar, que era máis pequeno, onde había cadros e cartas.

Ó saír da exposición fomos dar un paseo por Pontevedra, pola praza da Leña, Ferrería, rúas antigas, igrexa de Santa María, ...

Volvemos ó autobús, que nos levou ata o Grove, pero antes dimos unha volta pola illa da Toxa. Pasamos por unha ponte onde, se queriamos, podíamos pedir un desexo aguantando a respiración. Despois de percorrer a Toxa volvemos pasar pola mesma ponte e pedir outro desexo.

Fomos comer ó Grove. Tiñamos pensado ir a un monte pero chovía moito e non puidemos ir. Comemos na porta da Lonxa. Ó rematar demos uns paseos e cantamos, xunto cos profesores, a "Bomba".

Despois fomos ó "Acuario O Grove". Vimos todo tipo de peixes e fóronnos explicando detalladamente. Había un tiburón moi grande, chamado Elisa, que mordera a un peixe.


Ó acabar o percorrido, nunha tenda que había ó lado, compramos obxectos relacionados co lugar. Subimos ó segundo andar e vimos un pequeno museo.

Ó saír do Acuario fomos ó muelle. Estivemos esperando a que preparasen o barco para facer a viaxe pola ría de Arousa. Cando nos adentramos na ría o barco aminorou a marcha ata chegar a pararse para que poidesemos contemplar o fondo mariño: algas, unha batea, ... A parte baixa do barco era transparente e era desde onde contemplabamos todo. Ó subir deixáronnos manexar o timón. Un rapaz da nosa clase atracou o barco no porto.

Logo merendamos en Montalvo e estivemos xogando un pouco, para voltar de novo a Beluso.

Cando chegamos, reunímonos coa nosa familia e cada quen foise para a súa casa.

¡O día foi completo e maravilloso!



Beti e Lúa 6ºB

# PAISAXES PARA PINTAR


OS MENOS DE 3<sup>os</sup> B FACEMOS PAISAXES COMO GLORIA FUERTES. INTENTANDO IMITAR ESTES SON OS NÓSOS TRABALLOS.

A choiva nas nubes,  
as ondas no mar,  
no medio  
unha rocha  
para brincar.




Jesús

As montañas,  
as árbores,  
e polo medio  
o sol agachándose.




Andrea P.

Hai unha gairrela  
melida nunha lagoa.




Lulian

O paxaro arriba.  
O mar abaixo.  
es peixes nadando  
e barca navegando.



Andrea.O.

No ceo as nubes  
no chan o río  
e no medio  
un libro.




Angel

O ceo,  
o campo  
e polo medio  
un caballo.




Verónica

No campo  
hai un río,  
e no medio  
un meniño.



Monica

A chuvia nas nubes,  
as ondas no mar  
e polo medio  
unha rapaza.



MIGUEL


A neve,  
o frío  
e, no medio o río.

GLORIA FUERTES

A nube,  
o mar,  
e no medio  
o calamar.




No acuario  
os peixes e  
o golfinho,  
Pero non o barquín.



Alanchón

O peixe no río,  
o trazo no ceo,  
e polo terra  
o gato Taborea.




PABLO

O mar abixo,  
A terra arriba,  
e no medio  
a guerra.



MIRIAM

O sol arriba,  
o río abaixo  
e nunha esquina  
un nenno pescan-  
do.




VICTORIA

LA LUNA

La Luna es una gran bola que brilla como una perla, ¡Ay! a veces me gustaría cogerla pero está tan alta... que aunque suba a una escalera nunca podré alcanzarla.

La Luna es una gran bola que brilla como una perla la luna es la guardiana que cuida del planeta Tierra.

Cristian Bamio 3<sup>a</sup>A




Anoche soñé contigo era un sueño de hadas. Tú eres mi príncipe azul y yo tu princesa encantada.

Jessica Barreira 3<sup>a</sup>A

La ardilla perezosa y rica

Frase una vez una ardilla que no hacía nada. Quería siempre estar durmiendo. Pero un día decidió trabajar de carpintera y construyó un caballo de madera. Como a todo el mundo le gustó fue una famosa carpintera. Y ya nunca más fue perezosa.

Salvador Brión 3<sup>a</sup>A



Blanca como la leche, a veces parece tela; conmigo se hacen paquetes, cuentos, chistes y novelas

El papel 77

Rebeca Fandiño Gómez 3<sup>a</sup>A

Adivinanzas del colegio

Te indica el día, te indica el mes, te indica el año. Dime qué es.


El calendario 77

Soy número redondo y casi igual que la "o". Si me pones un puntito detrás, nada valgo yo.

El cero 77

Por dentro carbón; por fuera madera; en tu maletón me voy a la escuela.

El lápiz 77



En un rincón de la clase, donde yo estoy colocada, acudes con los papeles que no te sirven de nada.

El papel 77

## COMENTARIOS TELEVISIVOS

### **THE SIMPSONS**

Os Simpsons son moi divertidos.  
Burt e un neno moi fedello. Lisa e unha nena moi lista e gústalle o saxofón.  
Homer e un home moi parvo, o contrario que a súa filla, toma moita cervexa e rosquillas. March e unha muller moi amable e fermosa. Magui é un bebé gracioso.  
Son diferentes ós outros debuxos animados.

Adrián

### **MEGA BABIES**

Gústanme os Mega Babies polas súas aventuras e polas cochinadas que fan, o que máis me gusta e Bakie.

Jorge

### **POKEMON**

A mín gústanme porque son moi divertidos, sobre todo gústanme ás peleas e cando aparecen tamén cando os capturan os entrenadores e cando “evolucionan”.  
O meu Pokemon favorito e New.

Angel

### **PIPI CALZASLARGAS**

Pipi ten un cabalo e un mono.  
Pipi e moi forte, e a máis forte do pobo e báñase coa súa roupa posta.  
A súa nai está no ceo e o seu pai é capitán dun barco pirata.  
Anica e Tomi son os seus amigos.

### **PRATOS COMBINADOS**

Gústanme porque din chistes e porque hai un bar e un personaxe que se chama Pereira e unha muller chamada Malvina e outro máis menudo que é Miñooca e sempre pide empanada.

Cristina

**50 x 15**

Gústame ver este programa porque eu tamén podoo acertar as preguntas.

Lucía

**Enquisa sobre os programas de TV. máis vistos polos alumnos de 4ºB:**

**DEBUXOS ANIMADOS**

|                      | <u>%</u> |
|----------------------|----------|
| LOS SIMPSONS         | 100      |
| POKEMON              | 100      |
| DIGIMÓN              | 90       |
| AVENTURAS EN PAÑALES | 45       |
| MARCELIÑO PAN Y VINO | 45       |
| FUTURAMA             | 36       |



**SERIES**

|                   | <u>%</u> |
|-------------------|----------|
| PIPI CALZASLARGAS | 100      |
| MR. BEAN          | 100      |
| COMPAÑEROS        | 90       |
| PLATOS COMBINADOS | 72       |
| PASAPALABRA       | 60       |
| 50 x 15           | 36       |



4º B


## A GAMELA

A gamela é unha embarcación a remo moi utilizada no Morrazo aínda que a súa forma varía duns lugares a outros. Na actualidade a gamela substituiu a moitas embarcacións: dornas, botes ... etc.

É utilizada na pesca de pouca importancia e ten pequenas dimensións:

Manga (de babor a estribor) de 1,25 a 1,75 m.

Eslora (de proa a popa) de 2,5 a 4,75 m.



### Características :

A gamela é unha embarcación lixeira de fondo plano. Normalmente carece dunha cuberta total e ten: dous bancos, paneta de proa e paneta de popa. A utilizada en Bueu ten a proa rematada en punta e a popa plana. A parte alta de casco é particular, remata en todo o seu contorno cunha táboa ancha de cantos redondeados. Non ten roda nin codaste.

### Derivadas da gamela:

Moitas veces utilízase o nome de gamela para denominar a outras embarcacións moi parecidas que son o froito de continuas modificacións ó longo do tempo, como:

- Chalana (máis pequena)
- Loro (máis estreita na proa e co plan máis curvado)
- Gamela de dúas popas (usadas de auxiliares nos barcos do cerco.)
- Planadoira (de popa máis ancha e proa máis aberta, adaptada ó motor fora borda)...

Ángela, Borja, Irene, Isaac, Sara, 6º A

## A FANECA. (*Gadus luscus*)

### Descrición.

Peixe mariño da familia dos gádidos de corpo lixeiramente comprimido que raramente excede dos 45 cm. de lonxitude na madurez. A talla media é de 30 cm.


O seu cor é pardo-vermello ou pardo-amarelento con reflexos dourados e varias manchas escuras nos costados.

A maxila superior é máis saínte e a inferior está provista de perilla. Ambas maxilas teñen dentes colocados en varias filas.

A faneca está cuberta de escamas pequenas que caen con moita facilidade.

### Hábitat e modo de vida.

Habitan nas augas costeiras de fondo areoso ou rochoso ata uns 100 m de profundidade. É abundante no N.E. do Atlántico, estendéndose dende as costas de Escocia ata as africanas de Marrocos, penetrando tamén na zona do Mediterráneo próxima ó Estreito de Xibraltar onde é máis escasa.



A FANECA

### Alimentación.

Aliméntase de outros peixes, principalmente de bolos, crustáceos e moluscos.

### Reproducción.

Pon os ovos na primavera. Os ovos son peláxicos e miden 1 mm; deles nacen ó cabo de oito días, unhas larvas duns 3 mm. Estas larvas crecen rapidamente e ós 9-12 días marchan cara ó fondo onde alcanzar a madurez sexual.

Calcúlase que idade máxima da faneca é de 4-5 anos.

Aida, Clara, Raquel C. Raquel G. 6º A

## A PESCA DA FANECA

A pesca da faneca na zona de Beluso e Bueu é moi practicada e moi importante. Son moitos os aparellos que se utilizan para este tipo de pesca e os máis coñecidos son:


### PESCA CON LIÑA:

Para pescar a faneca pódense utilizar diferentes tipos de liñas feitas normalmente con cordeis de nailon ou tanzas. O longo delas é variable e todas elas levan, dependendo do fondo

en que se pesque, chumbos máis ou menos pesados. No extremo da liña, enriba ou debaixo do chumbo, van empatados varios anzois.

Os lugares máis apropiados para a pesca da faneca con liña son os fondos rochosos, as bateas e os peiraos.

O sistema de pesca consiste en cebar os anzois con miñoa, bolo, sardiña, .... botar a liña ó mar e esperar a que as fanecas piquen. Nese momento damos un tirón e levantamos a liña para recoller o peixe.



### NASAS DA FANECA.

Este tipo de nasa utilízase en Galicia dende fai poucos anos. Son de estrutura metálica e na maioría dos casos teñen forma cilíndrica.

O seu armazón é grande (1'5 – 2 m de diámetro e 50 – 60 cm. de altura) e está recuberto totalmente de rede de fibra sintética. A malla usada é pequena e ten unha lonxitude de entre 1 e 2 cm.


A rede queda pechada no centro dunha das caras circulares cun cabo fino chamado xareta.

Ten dúas bocas de entrada, situadas en lados opostos da nasa.

Cada nasa vai atada cunha rabiza a un cabo que remata nun flotador e todas xuntas forman unha cacea.

Con estas nasas trabállase en fondos profundos de pedras ou algas.

Cébanse con xurelo, sardiña ou rincha... e despois de largalas espérase de 2 a 3 horas para collelas.




## A FANECA NA COCIÑA

### FANECAS EN SALSA VERDE

#### INGREDIENTES:

- Fariña.
- Aceite.
- 3 dentes allo.
- 1 cebola pequena ou ½ grande.
- Perexil.
- Sal.
- Patacas.
- Fanecas grandes.



#### PREPARACIÓN:

Ponse ó lume unha tarteira de barro, bótaselle aceite, allo picado e unha cebola. Agregámoslle un mollo de perexil picado. Cando todo estea algo dourado (non demasiado) bótaselle unha cullerada de fariña rasa. Córtanse as patacas finiñas, bótaselle sal, un pouco de auga e deixase todo cocer uns dez minutos a lume moi lento. Despois agréganselle as fanecas que deben ser grandes para poder cortalas. Se vemos que queda moi seco temos auga fervida e engadímoslle un pouco. Deixámolas así de dez a quince minutos movendo un chisco a tarteira para que non se queimen. Retirámolas do lume e deixámolas repousar uns cinco minutos. Botámoslle un pouco máis de perexil e servímolos nesa mesma tarteira.


E ...¡¡ que rico!!

Irene Álvarez Gil 6º A

### FANECAS EN CALDEIRADA

#### INGREDIENTES:

- Patacas.
- Cebola.
- Sal.
- Aceite de oliva.
- Pemento.
- Fanecas.



#### PREPARACIÓN:

Ponse a auga ó lume. Bótanse as patacas en toros cun pouquiño de sal e un anaco de cebola. Cando as patacas comece a cocer engádense as fanecas, tamén en toros. Déixase ferver todo un pouco máis e logo pínchase unha pataca para saber se está ben cocida. Se iso ocorre, quítase a auga e déixase o resto do contido na tarteira.

#### PREPARACIÓN DA SALSA:

Nunha tixola, bótase un pouco de aceite de oliva, un anaco de cebola ben picada e un pouco de sal. Déixase fritir lentamente ata que a cebola estea ben dourada e engádense o pemento procurando que non se queime.

Se se quere a caldeirada con salsa, bótanse as fanecas e as patacas nunha bandexa, vértese a salsa da tixola e xa está listo para comer.

Ángela Fernández Pérez 6º A


## BETAS DA FANECA.

As betas da faneca son aparellos de malla aberta (6'6 cm.) de forma rectangular e medidas variables. Os panos van armados por arriba na tralla do colcho e por abaixo na tralla do chumbo.

As diferentes pezas, unidas por medio dos matafións, lárganse formando caceas que quedan sinalizadas na superficie

por unha ou varias boias, mentres a última peza permanece amarrada no fondo cunha pedra ou cun rizón.

As caceas lárganse pola noitiña ou ó nacer o día e permanecen fondeadas durante tres ou catro horas. Despois levántanse as pezas, desmállase o peixe, e lárganse de novo.




## TRASMALLOS

O trasmallo é un aparello formado por tres panos de rede; dous mallucos de malla aberta (22 cm.) e un pano fecheiro de malla pequena (7 cm.). O pano fecheiro está colocado no medio e vai armado moi solto para que faga unha bolsa e queden enleados os peixes.

Tódolos panos van armados por arriba na tralla do colcho para que o aparello flote e por abaixo na tralla do chumbo para afondalo.

Igual que no caso das betas, unhas pezas van unidas ás outras formando caceas que son largadas nas zonas de pesca, xeralmente en fondos rochosos, onde quedan fixas ó fondo cunha poutada.

Normalmente as caceas permanecen fondeadas durante toda a noite, esperando que os peixes ó querer atravesalas queden enleados. Pasado este tempo levántanse as pezas e desmállase o peixe, procurando non romper a rede.



# Costumbres de Navidad



Cantos de Nadal, Aninovo y Reyes.

*En la noche del 24 o en la siguiente, grupos de niños o muchachos, recorren los pueblos, cantando nadales, panxoliñas o navidás, cantos de Nochebuena o Navidad y coplas alusivas al aguinaldo o entrenas. Esto mismo se hace el día final o primero de año (cantigas de Aninovo, xaneiras, anibón o manueles) y el 5 o 6 de Enero (cantigas de Reis).*

Aguinaldos.



*Los aguinaldos son las gratificaciones solicitadas por coros de niños, mozos y, a veces, de hombres y mujeres que van de casa en casa, cantando coplas que acompañan con gaita, birimbao, ferriños, pandeiros, conchas y otros instrumentos ruidosos.*

*Al grupo se le llama bando, xunta o aguinaldeiros.*

*El ritual suele ser siempre el mismo: primero solicitan permiso del dueño de la casa; después dirigen un saludo a la familia o al patrón:*

Estas portas son de papel,  
ei qui vive don Manuel;  
Dios lle dea tantas vacas  
como no curral hai lapas.

*Inmediatamente entonan las coplas. En algunos sitios cantan dos coros alternando las estrofas. Luego solicitan el aguinaldo:*

Deseamos os Reises  
unque sean poucos  
un touciño enteiro  
e a metá do outro.



Deseamos os Reises  
si no los han dar  
que somos de lexos  
e hai moito que andar.

Traemos a bota  
pra levar o viño  
a cesta pros ovos  
e o caraveliño.

Deannos os Reises,  
Señores, por Dios,  
deannos os Reises  
e queden con Dios.

***Terminan agradecendo el galardón recibido.***



Nesta casa caleada,  
caleada de pemento,  
que por moitos anos vivan  
os señores que están dentro.

***O bien se despiden:***



Quedense con Dios, señores,  
hasta o ano que volvamos  
e si algún de nos morremos  
que no ceo nos vexamos.

***En algunas comarcas un mozo dice, después de recibir el aguinaldo:***

Que por moitos anos...!

***Respondiendo el coro:***

Vivaaa!

***Pero si son despachados sin aguinaldo, insultan a los dueños:***

Cantámoslle os Reis  
guedellos de cabra  
cantámoslle os Reis  
e non diches nada.

# ROMANCE DE LA NAVIDAD



A Belén camina  
la Virgen María  
lleva a San José  
en su compañía,  
un amante firme  
de nunca dvidar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Fueron caminando  
y luego encontraron  
con dos pasajeros  
y les preguntaron,  
si para Belén  
hay mucho que andar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

A dónde camina  
quisiera saber  
un hombre de noche  
con una mujer,  
si la lleva hurtada  
es de imaginar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Respondió José  
si ha Dios ha servido  
ella es mi esposa  
yo soy su marido,  
testimonio traigo  
para presentar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Respondió uno de ellos  
no he visto en mi vida  
dama tan hermosa  
rosa tan florida,  
para un hombre viejo  
mal se puede dar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Respondió María  
siendo muy discreta  
Dios nos ha juntado  
yo estoy muy contenta,  
por otro ninguno  
no lo he de cambiar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Fueron caminando  
en conversación  
diciendo palabras  
de gran atención,  
son palabras santas  
dignas de adorar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Fueron caminando  
y luego encontraron  
con un portal viejo  
y mal preparado,  
ellos se han conformes  
de allí se quedar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Esposa del alma  
aquí nos quedemos  
amparos del cielo  
alguno tendremos,  
una noche sola  
buena es de pasar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

Acuéstate esposo  
que vendrás cansado  
y por mí no tengas  
pena ni cuidado,  
si la hora viene  
yo te he de llamar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar

En aquel pesebre  
ha nacido un niño  
entre paja y hierba  
el Verbo divino,  
qué dicha tan grande  
vámosle a adorar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar


Él como era Rey  
de tanto poder  
no faltaron reyes  
que lo fueran ver,  
y también rodillas  
para le adorar.  
Antes de las doce  
a Belén llegar.

# POESÍAS

## A FORMIGA VIAXEIRA

¡Ola! ¡Ola, formiguiña!  
 ¡Ola! ¿Que tal no traballo?  
 Eu vou ben. Moitas graciñas.  
 Eu empezo para maio.

Vou facer unha viaxe,  
 teño moita ilusión.  
 Se queres vir, miña amiga,  
 farei a viaxe mellor.



Jésica 5ºA



## OS REIS MAGOS

Eles veñen en xaneiro  
 Por todo este mundo enteiro  
 Veñen estes Reis andando  
 Por un camiño estreito.

Cando xa están moi cansos  
 Baltasar vai de primeiro  
 Para ver pronto ó meniño  
 Bonito e regordeiro.

Ó chegar beberon viño,  
 Que non era do Ribeiro  
 E estaban tan contentos  
 Que quitaron o sombreiro.

Abel 5ºA

## AQUEL MENIÑO DE BELÉN

Naquel recuncho, en Belén,  
 brillaba a lúa no ceo  
 ó calor da bura e o boi  
 naceu o prometido Neno.

E medrou. E foi un home.  
 Axudaba ó pai, Xosé,  
 que era un bo carpinteiro,  
 carpinteiro de boa fe.

Axudaba á boa xente  
 e doce amigos el tiña,  
 morreu crucificado e  
 resucitou ¡qué alegría!.

Mandou ós seus amigos  
 predicar por todo o mundo  
 o que el lles ensinara  
 ¡non ocorre isto a miúdo!.

Analy 5ºA

## O NADAL

Está cerca o Nadal  
 e estamos impacientes  
 por comer as larpeiradas  
 e abrir nós os paquetes.

Adornaremos a árbore  
 con guirnaldas e folerpas  
 e poñerémolle luces  
 ¡serán moi boas as festas!.

Vintecatro e vintecinco  
 comeremos o turrón.  
 Traeranos Papá Noel  
 os regalos e a ilusión.

Imos ver a cabalgata  
 e, como tódolos anos,  
 colleremos caramelos  
 para despois degustalos.

Nerea García 5ºA

## OS DOMINGOS DE NADAL

Os domingos de Nadal  
 Os Reis veñen en camelos  
 E lévälle ós meniños  
 Moitos, moitos caramelos.


Os domingos de Nadal  
 Prepárase a ceíña;  
 Alá pola media noite  
 Os nenos van á camiña.

Cántalle os reis polo día,  
 Cántalle os reis pola noite,  
 A esperar na miña casa  
 Porque pasan pola porta.

Miguel 5ºA

**CORAZÓN DE MELÓN**

Melón verde,  
corazón vermello,  
ceo azul,  
mar azul.  
As gaviotas voando,  
os nenos cantando.  
Doce corazón  
como o mesmo melón.  
Mentres as persoas  
comen o doce melón,  
lles arde por dentro o corazón.



**O CORAZÓN ENTRE A NEVE**


O corazón entre a neve está,  
xogando cun paxariño vai.  
Pobre corazón, pobre paxariño,  
están os dous moi conxeladiños.  
Veu un pingüiniño e lles dixo:  
Cando a neve cae hai que estar abrigadiños.  
¡Adeus, corazón!,  
¡adeus, paxariño!,  
lles dixo o pingüiniño.

Coral e Bárbara 4ºA.



**POESÍA**

Estou sentada na beira do mar  
vendo como o sol se esconde.  
Alá polo horizonte  
a lúa está a chegar,  
parece que quere asomar,  
pero alá lonxe, moi lonxe,  
o sol non se quere deitar.



Bea e Rocío 4ºA.

**A BOLBORETA E A ROSA**

A bolboreta é a máis fermosa,  
como a bolboreta é tan linda a rosa,  
na rosa pousase a bolboreta.

Só se pousa cando está o ceo rosa,  
Bolboreta, bolboretiña,  
¿cómo estás tan bonita?.  
Voa, voa  
Coas túas ás de cor rosa,  
¡ai! ¡como voa a bolboretiña!  
¡tan linda como unha rosiña!




Andrea e Sheila 4ºA.

## A GUERRA

Países con fame,  
países sen paz,  
e nós ben quentiños,  
sen parar de derrochar.

Que alguén me corrixa  
se o fago mal,  
pero eu defendo  
a vida dese rapaz

Iso non é xusto,  
¡que alguén o pare xa!  
iso non é vida,  
iso non é paz



Que alguén me corrixa  
se o fago mal,  
pero eu defendo  
a vida dese rapaz

Que alguén me corrixa  
se o fago mal,  
pero merece xustiza  
a vida dese rapaz.

Este rapaz é pobre,  
pobre, e sen fogar,  
ten familia que o quere,  
e non o pode criar.

Que alguén me corrixa  
se o fago mal,  
pero eu defendo  
a vida dese rapaz.

Vino en Etiopía,  
máis tarde en Pakistán,  
e agora en Palestina,  
cunhas pedras na man.

Que alguén me corrixa  
se o fago mal,  
pero eu defendo  
a vida dese rapaz

Irene Álvarez Gil 6º A


## TEU ROSTRO

Os teus ollos azuis  
son tan preciosos  
como os peixes pequenos  
e revoltosos.

A túa boca pequena  
sabe bicar  
como a espuma bonita  
e branca do mar.

E as túas meixelas  
son ideais,  
fermosas e divinas  
coma corais.

En fin,  
que máis podo cantar,  
ese rostro fermoso teu  
é o mar.



Raquel Golobardes Alvite 6º A

## NOTICIAS MUSICAIS

O día primeiro de decembro un grupo de alumnos do Colexio foron a Pontevedra a participar no IX CONCURSO GALEGO E PORTUGUÉS DE PANXOLIÑAS E CANTOS DE NATAL. Aínda que non nos clasificamos para competir na seguinte fase do concurso, o certo é que os rapaces de Beluso cantamos moi ben e viñemos moi contentos de ter actuado no Auditorio de Pontevedra, e de traer para o Colexio, a máis dunha figura e un diploma, cincuenta mil pesetas que nos servirán para invertir en actividades musicais e en pagar o autobús.

Tíñamos que cantar dúas; a primeira tradicional, que dicía así:

*San Xosé e mais María  
iban xuntos a Belen,  
iban cantando nos reices  
¡Cantemolos nos tamén!*

*Foron dar con el a Roma,  
revestido nun altar.  
¡Misa nova quer decir!  
¡Misa nova quer cantar!*

*San José iba moi triste  
Porque iba pola montaña,  
e María iba moi leda  
¡Leva a Cristo nas entrañas!*

*Quédense con Dios, señores,  
ata o ano que volvamos;  
se pros reices non volvemos,  
¡Que en el cielo nos vexamos!*

*Iban de vila en vila e  
de lugar en lugar,  
en busca de Jesucristo,  
non o poideron topar.*

*Quédense con Dios, señores,  
ata o ano que volvamos;  
se pros reices non volvemos  
¡Dénnos hoxe o aguinaldo!*

A segunda panxoliña tiña que ser inédita, e decir, que nunca se cantara antes. Así que tivemos que compoñer unha nova panxoliña:

### Viaxar a Belén



*Daquela quería viaxar a Belén  
a adora-lom Neno. ¡Iremos entrn!  
Ou en bicicleta, ou en avión.  
Se vamos andando. ¡Levamos bastón!*

*Se espallo alegría, se axudo os demáis;  
se fago os deberes e obedezco a nai.  
Se o meu esforzo faime mellorar,  
¡Xa vou a Belén! ¡Xa estou a adorar!*

*¡O Neno está aquí! ¡O Neno chegou!  
Acolle ao Neniño no teu corazón.*

# A LETTER TO FATHER CHRISTMAS

Dear Father Christmas.



My name is Iago. I am ten years old.

I live in Cabalo (Pontevedra).



I have got a sister.



We have got a dog. Its name is "Lua".



I want a computer game and a motor

bike.



Thank you very much.


Love from Iago

P.S. Please can you bring a big bed for me. and a doll for my sister.



Thank you again.

IRIA REY BOUBETA  
SABELA MIRANDA RODRIGUEZ 5th



## WORD SQUARE (Sopa de letras)

CAN YOU FIND ELEVEN COLOURS?

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | A | P | U | R | P | L | E | R | B |
| O | B | H | X | W | E | O | F | X | Q |
| I | R | I | A | H | G | R | E | E | N |
| P | O | C | P | I | N | K | D | K | R |
| Y | W | C | M | T | T | U | D | O | N |
| E | N | I | B | E | G | Q | R | A | W |
| R | E | D | A | J | G | A | S | O | B |
| G | E | S | J | T | N | Y | L | F | L |
| O | A | Z | U | G | P | L | E | N | A |
| Q | N | V | E | L | E | I | B | U | C |
| E | K | H | Y | Y | U | R | N | Z | K |
| W | R | B | L | U | E | X | L | W | M |

## RIDDLES

1.-It's a pet.  
It has got four legs and four feet.  
It has got long nails  
It likes fish.

a cat

2.-It's an animal  
It has got green body  
It's scary  
It lives in water  
It jumps a lot

a frog

IRIA REY BOUBETA 5th

# DEPORTES



## NOTA INFORMATIVA


O **Tenis de Mesa** é un deporte con certa implantación e tradición neste Colexio. Este ano, igual que desde hai bastantes anos, imos participar nas competicións escolares de Tenis de Mesa (ou iso esperamos, xa que nos Colexios da Comarca ultimamente estanse atopando con atrancos para formar equipos neste deporte).

Como Centro de Primaria estamos limitados, en principio, ás categorías **Benxamín (3º e 4º)** e **Alevín (5º e 6º)**, pero este ano temos a novidade de última hora de que todos aqueles nenos e nenas de categoría **Infantil (1º e 2º de E.S.O.)** que, sendo exalumnos do Colexio, queiran participar neste deporte e non o poidan facer co seu Centro de E.S.O., poden facelo representando ó Colexio de Beluso.

Esta medida parécenos perfecta e estamos encantados de acoller de novo a estes nenos e nenas que “formaron e forman” parte deste Colexio.

Tamén é certo que é unha mágoa que se nos avise a primeiros de Novembro desta novidade que xa se debería coñecer antes de empezar o curso e da que os organizadores comarcais da actividade deportiva en idade escolar xa tiñan coñecemento hai tempo.

**¡SORTE A TODOS!**



Un ano máis estamos disputando nos recreos as ligas de Balonmán e Futbito entre cursos, tanto femininas como masculinas. Estas ligas están divididas en dous bloques, tanto en Balonmán como en Futbito, que son, por un lado, os cursos de 3º e 4º e, por outro, os de 5º e 6º de Primaria.

Nestes intres temos rematadas xa as ligas de **Balonmán Feminino**, cos seguintes **RESULTADOS E CLASIFICACIÓNS:**

| 3º e 4º   |        | 5º e 6º   |        |
|-----------|--------|-----------|--------|
| 3ºA - 3ºB | 3 - 0  | 5ºA - 5ºB | 10 - 7 |
| 4ºA - 4ºB | 8 - 2  | 6ºA - 6ºB | 7 - 4  |
| 3ºA - 4ºB | 1 - 4  | 5ºA - 6ºB | 2 - 8  |
| 3ºB - 4ºA | 4 - 6  | 5ºB - 6ºA | 3 - 8  |
| 4ºA - 3ºA | 11 - 5 | 6ºA - 5ºA | 8 - 3  |
| 4ºB - 3ºB | 7 - 3  | 6ºB - 5ºB | 12 - 7 |
| 3ºB - 3ºA | 3 - 5  | 5ºB - 5ºA | 4 - 8  |
| 4ºB - 4ºA | 5 - 5  | 6ºB - 6ºA | 5 - 6  |
| 4ºB - 3ºA | 4 - 0  | 6ºB - 5ºA | 9 - 5  |
| 4ºA - 3ºB | 4 - 2  | 6ºA - 5ºB | 8 - 4  |
| 3ºA - 4ºA | 2 - 5  | 5ºA - 6ºA | 7 - 6  |
| 3ºB - 4ºB | 0 - 2  | 5ºB - 6ºB | 5 - 6  |



5 xogadoras + porteira

|     | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
|-----|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| 3ºA | X | X | X | X | X | X |   |   |   |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
| 3ºB |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
| 4ºA | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X  | X  | X  | X  | X  | X  | X  |    |    |
| 4ºB | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X  | X  | X  | X  |    |    |    |    |    |
|     |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
| 6ºA | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X  | X  | X  | X  | X  | X  |    |    |    |
| 6ºB | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X  | X  | X  |    |    |    |    |    |    |
| 5ºA | X | X | X | X | X | X | X | X | X |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
| 5ºB |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |    |    |    |    |    |

**XOGADORAS QUE COMPOÑEN OS EQUIPOS CAMPIÓNS:**

**4ºA**

BÁRBARA MARTÍNEZ RODGUEZ.  
 ROCÍO BLANCO FERRADÁS  
 BEATRIZ FERNÁNDEZ GALLEGO  
 ANDREA FERNÁNDEZ PÉREZ  
 MAIKA MARTÍNEZ MIRANDA  
 DANA DÍAZ DÍAZ  
 SHEILA BERNÁRDEZ GÓMEZ  
 ALBA FERREIRA JUNCAL.



**6ºA**

IRENE ÁLVAREZ GIL  
 CLARA GÓMEZ COMESAÑA  
 RAQUEL GOLOBARDAS ALVITE  
 SARA DURÁN CERVIÑO  
 RAQUEL CALVIÑO AGULLA  
 ÁNGELA FERNÁNDEZ PÉREZ  
 AIDA FERNÁNDEZ OTERO  
 RUTH A. GARCÍA MARTÍNEZ.

# CHISTES E ADIVIÑAS

No médico:

- ¡ Doctor, doctor, veño a que me osculte!
- ¡ Rápido, rápido, debaixo da mesa!

Un neno á súa nai:

- Mamá, ¿os veciños son pobres?
- Non fillo, ¿por qué o dis?
- Porque o seu fillo tragou un peso e están desesperados.

¿Cal é o país que primeiro chámate e despois asústate?  
- ¡E.E.U.U.!

Un surfista entra nunha tenda e di o tendeiro:

- ¡ Ola!
- ¿Onde, onde?

Dous amigos están falando. De repente un pregunta:

- ¿Ti sabes como se chaman os habitantes de Ciudad Real?
- Pero ... ¿Todos?



En certa ocasión o axente 007 chega a Lepe e preséntase ó alcalde:

- ¡Ola!, son Bond, James Bond.
- E di o alcalde:
- Pois eu son Brosio, Am-Brosio.

Beti, Lúa e Miriam 6ºB.



Adiviña, adiviñanza  
-doxo o sabio Salomón-  
¿Cales son os animais  
sen sangue nin corazón?  
(sodaxubed siamina)

Ten xemas e non é ovo;  
ten copa, non sombreiro;  
ten follas e non é libro.  
¿Qué é, pois, o que che digo?  
(erobrá a)

No campo crieime  
atada con verdes lazos,  
e aquel que chora por min  
estame partindo en pedazos  
(alobec a)

Un home moi branco  
no medio do frío;  
cando sae o sol  
convértese en río.  
(even ed ocenob)



Leva anos no mar  
E aínda non sabe nadar  
(aera a)

Yanira Barreiro 5º A

